

A aventura da diferenza

NOVELA O último relato de Núñez Singala é unha viaxe iniciática que percorre o río Congo ao inverso que na novela de Conrad.

Carlos Méixome **Texto**

Nun mundo dominado pola pulsión homoxeneizadora, pola uniformación cultural de centro comercial, pola globalización desbocada, só se persegue a repetición de persoas e culturas consumidoras e a concentración monopolística. Para este sistema-mundo a diferenza na fala, no vestido, na cultura, nas ideas... é sempre unha ameaza.

A mesma pulsión uniformadora está presente nas chamadas sociedades tradicionais, e o individualismo implantado pola ideoloxía neoliberal non só non apaga a persecución da diferenza senón que a agrava, como se desprende da ameaza neofascista que se expande polo centro e norte de Europa que infortunadamente pode non tardar moito en abranguer todo o continente. A chamada crise dos refuxiados ou os barcos á deriva polo Mediterráneo son expresión, en gran medida, deste rexeitamento do diferente.

Szymo é *dili*, é negocio, é branco nun continente negro, é albino. Cos seus ósos pulverizados, con anacos dos seus membros pódense fabricar beberaxes que atraerán a boa fortuna. O seu corpo é obxecto de asasinanzas cobizas. Dese horror, da persecución pola súa pel diferente, fuxirá o mozo protagonista. En dirección oeste, cara ao océano, a través do río Congo, nunha viaxe inversa á imaginada por Josep Conrad. Unha viaxe odiseica e iniciática é a que nesta ocasión nos achega Manuel Núñez Singala en *Camiños na auga* (Galaxia, 2016).

Na súa viaxe dende os grandes lagos ao océano, Szymo vai descu-



Camiños na auga
Manuel Núñez Singala
Galaxia, 2016

O camiño é longo e o protagonista colle dirección norte ao tempo que a novela abandona o exótico espazo da selva para introducirmos na infausta realidade do “combate” por acadar Ítaca-Europa, nesa pelexa mortal coas ondas do mar a bordo dun fráxil e rudimentario caiuco. Será a diferenza quen o salve. Como Odiseo, Szymo chegará só a Ítaca.

brindo a solidariedade, o amor, o sexo, a lealdade, o egoísmo... pero o camiño é longo e o protagonista colle dirección norte ao tempo que a novela abandona o exótico espazo da selva para introducirmos na infausta realidade do “combate” por acadar Ítaca-Europa, nesa pelexa mortal coas ondas do mar a bordo dun fráxil e rudimentario caiuco. Será a diferenza quen o salve. Como Odiseo, Szymo chegará só a Ítaca, os seus compañeiros de “combate” as autoridades europeas devolveranos ao punto de partida. Para intentar un novo “combate”?

As reflexións éticas entretecidas na sucesión de acontecementos que caracterizan unha boa novela de aventuras non converten *Camiños na auga* nunha disquisición filosófica sobre a bondade, a ética, a lealdade ou o valor da diferenza. Núñez Singala pretende, e acada, un relato de aventuras, de doada lectura, no que a acción prende a atención do lector e no que o desacougo deste vén producido pola ansia por coñecer o remate da historia e non pola dúbida de se debe ou non abandonar a lectura. A habilidade do autor para enganchar lectores é ben coñecida, mesmo en xéneros pouco dados a lecturas individuais como o teatro (*O achado do castro*, Galaxia, 2014) e sobre todo no relato breve no que nos instrúe ou nos ofrece un libro de contos revirados (*Instrucións para tomar café*, Galaxia, 2014). Os dous volumes aos que aquí nos referimos son auténticos éxitos editoriais e a ben seguro que tamén o será esta novela.